



Concello de Cangas

## **PRESENTAMOS A SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CANGAS**

Cangas, 22/03/2017

A Concellaría de Participación veciñal, Transparencia e Asociacionismo quere anunciar que xa está dispoñible no Concello de Cangas a sede electrónica para a presentación de documentos e solicitudes, en liña, para a realización de comunicacións relativas a trámites e asuntos de competencia municipal.

A Sede Electrónica está operativa as 24 horas do día, durante todos os días do ano, e poderedes acceder a ela a través de <http://cangas.sedelectronica.gal> ou a través do banner de acceso que habilitaremos na nosa páxina web [www.cangas.gal](http://www.cangas.gal). Para empregar esta plataforma é preciso dispoñer dun DNI electrónico ou outro certificado dixital recoñecido na lista de certificados admitidos.

Esta plataforma serve para presentar solicitudes, escritos ou comunicacións relativas aos procedementos e asuntos que sexan de competencia municipal sen necesidade de achegarse ás oficinas municipais facéndoo a través do rexistro electrónico.

O rexistro electrónico toma unha referencia de tempo, anota o número de recepción da documentación, garda os datos da presentación da información e devolve un xustificante co número de rexistro de entrada, data e hora da presentación. Ademais de presentar a solicitude normalizada, pódese aportar toda a documentación necesaria para a tramitación de dito expediente.

O rexistro rexerese, a efectos de cómputo e prazos, pola data e hora oficial da Sede Electrónica.

Actualmente dispoñemos na sede de diferentes seccións:

- **CARPETA CIADADÁ:** é a carpeta onde se poderán consultar todos os expedientes que iniciou a persoa usuaria na sede do Concello e o estado no que se atopan. Ademais, na caixa de correo electrónico recibiranse as notificacións electrónicas.



## Concello de Cangas

- CATÁLOGO DE TRÁMITES: onde se aloxan os diferentes trámites divididos por procedementos e categorías:
  - Alcaldía: Solicitud para o Matrimonio Civil.
  - Cultura: Solicitud de alta no Servizo Municipal de Biblioteca.
  - Urbanismo: Solicitud de Cambio de Titularidade para o Exercicio de Actividade, Comunicación Previa de Actividade Inocua (Réxime Subsidiario), Comunicación previa de apertura de actividade inocua (supostos da Lei 9/2013, de 19 de decembro), Comunicación previa en materia urbanística, Licenza de primeira ocupación e Licenza urbanística de obras maiores.
  - Medio ambiente: Solicitud para Medio Ambiente.
  - Tributos: Aprazamento ou fraccionamento de débedas tributarias e Devolución de fianza ou cancelación de aval.
  - Secretaría: Solicitud de Dereito de Acceso a Información Pública.
  - Reclamacións e Suxestións.
- VERIFICAR DOCUMENTOS: ferramenta onde toda a cidadanía poderá comprobar a autenticidade dos documentos, introducindo o número do código de barras dos documentos asinados electronicamente.
- TABOLEIRO DE ANUNCIOS: teremos nel toda a información que o Concello fai pública neste apartado. Tamén se poderá acceder ao taboleiro de edictos actualizado.
- PERFIL DO CONTRATANTE: accederás aquí ao perfil do Concello de Cangas onde se publican todas as ofertas e adxudicacións emitidas polo mesmo.
- FACTURA ELECTRÓNICA: se es provedor poderás presentar as túas facturas electrónicas desde a Sede.

O catálogo de trámites irase completando pouco a pouco ata tentar conseguir un amplo abano de trámites de acceso e presentación electrónica. De forma



## Concello de Cangas

xenérica está habilitada a Instancia Xeral para a tramitación electrónica de calquera outro trámite que aínda non estea habilitado.

Poden obter máis información sobre o funcionamento da sede e sobre a validez dos certificados na propia plataforma no botón de Información Xeral e no de FAQs, onde se explican todos os trámites que se poden realizar e como facelo.

A Sede Electrónica é unha plataforma desenrolada pola empresa esPublico Gestiona e foi implantada a través dun convenio firmado coa Deputación de Pontevedra, no que a día de hoxe seguimos traballando en conxunto.

A implantación non é un proxecto a curto prazo, si non que é algo que seguirá medrando e evolucionando no tempo.

Nos vindeiros días repartiranse polas distintas dependencias municipais os 1.000 dípticos nos que se recolle o funcionamento da sede e os pasos básicos a seguir.

Todas as persoas usuarias poderán consultar as súas dúbidas a través de diferentes xuntanzas que se farán coa veciñanza no Concello e onde están convidadas a achegarse e obter información sobre a Sede Electrónica. A primeira destas xuntanzas terá lugar o vindeiro mércores día 29 de marzo ás 19:00 horas no Salón de Plenos Municipal.

*Eva Rodríguez  
Concelleira de Participación Veciñal,  
Transparencia e Asociacionismo*